



1.COMPAÑÍA ORGANIZADORA

O Concello de Allariz, con domicilio social en Praza Maior, 1 (Allariz) con CIF P3200200H, organiza o concurso de elaboración de empanadas baixo o título **#AMellorEmpanadadeAllariz2023**.

2. OBXECTO DA MECÁNICA DO CONCURSO

O Concello de Allariz, con motivo da celebración da Festa da Empanada 2023, organiza un concurso tanto amateur coma profesional para buscar a “A Mellor Empanada de Allariz de 2023”.

3. DURACIÓN E ÁMBITO

A actividade desenvolverase o 20 de agosto de 2023 ás 12:30h no Campo de Vilanova de Allariz.

4. REQUISITOS PARA PARTICIPAR

Poderán participar todas as persoas físicas maiores de 16 anos que se anoten no correo electrónico participa@allariz.gal, indicando o nome completo, data de nacemento e en que modalidade quere participar. A inscrición é de balde e poderanse formalizar ata o 18 de agosto de 2023 ás 14:00h. O propio 20 de agosto a persoa que se anotara no concurso deberá entregar a empanada a organización así como a receita da mesma e os seus datos persoais para que esta lle asigne un número e así o concurso sexa totalmente anónimo.

Requisitos

- Valorarase a presentación e sabor do produto presentado ao Concurso.

- Valorarase a utilización de produtos locais, de proximidade así coma produtos elaborados na Reserva da Biosfera Área de Allariz.

5. SELECCIÓN DAS EMPANADAS GAÑADORAS

As gañadoras deste primeiro concurso A mellor empanada de Allariz serán escollidas por un xurado que a organización designará.

6. PREMIOS

A organización premiará ao autor/a da :

- Mellor Empanada Profesional 2023: Distintivo de Mellor Empanada de Allariz
- Mellor Empanada Amateur 2023: tres categorías:
 - 1ª clasificada: vale de 300€
 - 2ª clasificada: vale de 100€
 - 3ª clasificada: vale de 100€

Todos os vales serán para gastar no Comercio e na Hostalería de Allariz.

7. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos subministrados polas persoas participantes serán tratados confidencialmente e recollidos nun ficheiro automatizado de datos de carácter persoal, e serán empregados exclusivamente para este concurso e as comunicacións pertinentes, sendo eliminados pasado os tempos legais preceptivos. Conforme á lei vixente os interesados poden exercer respecto dos seus datos os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición enviando unha carta á CONCELLO DE ALLARIZ Praza Maior 1 32660 ALLARIZ Ourense ou no correo electrónico: participa@allariz.gal

8. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases polo que a manifestación no sentido de non aceptación da totalidade ou parte da mesmas implicará a exclusión da persoa

participante e como consecuencia, o Concello de Allariz quedará liberado do cumprimento da obriga contraída con dito participante.

A participación neste concurso implica a aceptación das bases, así como os cambios que o Concello de Allariz poda levar a cabo no concurso por causas xustificadas.